



O presente documento estará exposto no Taboreiro de Anuncios desta Deputación desde o día 21-12-2022 ata a día 31-12-2022
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA P.O. *(Firma)*

Por resolución da presidencia de data 20 de decembro de 2022, a Presidencia da Deputación de Lugo a dictado a seguinte resolución:

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 25.03.2022, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 087, do 18.04.2022).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota discapacitados) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020, corrección erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 14.12.2022.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a creación da listaxe de emprego temporal de Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, agrupacións profesionais, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

| Nº ORDE | APELIDOS E NOME | CUALIFICACIÓN FINAL |
|---------|-----------------------------|---------------------|
| 01 | ROIBÁS SAAVEDRA, LUIS ÁNGEL | 41,163 |
| 02 | CANZOBRE SEIJAS, DAVID | 40,856 |
| 03 | LÓPEZ MÉNDEZ, PABLO | 29,900 |
| 04 | REIMÓNDEZ MÉNDEZ, BORJA | 28,995 |
| 05 | PARDO SANTÍN, MANUEL ANDRÉS | 28,180 |
| 06 | BUJÁN RIVAS, PEDRO | 25,330 |

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7BWKSJJA5PWWXDSVHHAAG6Q | Fecha y Hora | 21/12/2022 12:45:50 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ (SECRETARIO XERAL) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWKSJJA5PWWXDSVHHAAG6Q | Página | 1/2 |



2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes"

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o presidente da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

O SECRETARIO XERAL,
P.S LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ

O presente documento estara
exposto no Taboaire de
Anuncios desta Deputación
desde o día 21-12-2022
ata a día 31-12-2022
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
[Firma]

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7BWKSNJA5PWWXDSVHHAAG6Q | Fecha y Hora | 21/12/2022 12:45:50 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ (SECRETARIO XERAL) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWKSNJA5PWWXDSVHHAAG6Q | Página | 2/2 |

